

BOLETÍN SINDICAL AGPTU

Rematado o proceso electoral na Universidade, informámosvos deseguido das cuestións sindicais máis relevantes acontecidas dende o último boletín remitido.

Eleccións a Reitor

Unha vez elixido o novo Reitor, D. Salustiano Mato, e decorridos xa os cen días de graza que todo novo equipo de goberno debe gozar, debemos dicir que a valoración que facemos da actividade do equipo é de certa parálise. Proba disto é que unha das poucas áreas nas que houbo cambios, a Vicerreitoría de profesorado, aínda non mantivo contacto ningún, sequera de cortesía, cos sindicatos.

Pola parte do Reitor si houbo una xuntanza institucional o pasado mércores nove de xullo. Como tal reunión institucional, non houbo oportunidade de plantexar polo miúdo cuestión concretas. O Reitor salientou que neste novo período procuraría centrar máis os esforzos na profesionalización da xestión, tentando descargar ao PDI do traballo administrativo que lle estaba a restar tempo do labor docente e investigador. Como reto fundamental está a negociación coa Xunta de Galicia do novo plano de financiamento, no cal tentaría avanzar na liña da financiación por resultados que tan bós resultados deu para a UVigo no anterior plano.

Nas intervencións dos sindicatos (estaban presentes AGPTU, UXT e CCOO), UXT e CCOO manifestaron o seu apoio á profesionalización e ao financiamento en base a resultados (neste caso tendo en conta que nos beneficiaba) e o seu rexeitamento ao decreto Wert. Tamén amosaron a súa preocupación polo futuro do PDI contratado na Uvigo.

Por parte da AGPTU, apoiamos a profesionalización sempre que non derivara nunha externalización dos servizos. Canto ao financiamento en base a resultados consideramos que é a liña na que se debe traballar, independentemente de que beneficie a nosa Universidade ou non. Neste punto fixemos ver que ao noso entender había una contradición no resto de sindicatos en apoiar a financiación en base a resultados e a oposición frontal ao decreto Wert que, aínda que bastante simplificado, é un exemplo de aplicación desa filosofía.

Tamén nos queixamos de non ter sido convocados a unha reunión coa vicerreitora e a falta de novas sobre a PDAI. O Reitor contestou que en breve recibiríamos unha convocatoria para unha xuntanza coa Vicerreitora.

Xunta de PDI

A incorporación ao equipo de goberno como Secretaria Xeral de Gloria Pena Uris obrigou a facer cambios na Presidencia e Secretaría da Xunta de PDI. Tendo en conta as circunstancias, na AGPTU entendimos que a independencia da Xunta se vería comprometida de mantermos na Presidencia, polo que decidimos renunciar a presentar candidatura e dar liberdade de voto aos nosos representantes. O resultado foi a presentación dunha única candidatura, a de Enrique Ares (UXT), que resultou elixido, nomeando como secretario a Rafael Barbosa (CCOO).

Entendemos que, logo de deixar o cargo, cómpre dar conta da xestión económica da Xunta de PDI nos tres anos que a AGPTU ocupou a Presidencia e a Secretaría da mesma. Os datos son os seguintes:

- Ingresos: cada ano os orzamentos da Universidade destinan 3000 euros para o funcionamento da Xunta de PDI. Correspóndelle á Presidencia da mesma Xunta autorizar calquera gasto con cargo a esta partida.
- Gastos: únicamente foron autorizados os gastos relacionados con dietas de asistencia a reunións. Tendo en conta que case todos os membros da Xunta de PDI son de Vigo, os gastos oscilaron entre os 50 e os 75 euros por ano.

Na Xunta de PDI non hai remanentes, polo que a diferenza entre ingresos e gastos volve á Universidade.

Plan de dedicación académica individual (PDAI)

Non hai novidades neste asunto. Ignoramos as intencións da nova Vicerreitora.

Demanda sobre o aboamento íntegro das pagas extraordinarias

Como ben sabedes, un numeroso grupo de PDI da Universidade (máis da metade) vai presentar unha demanda para esixir o aboamento íntegro das pagas extraordinarias. A demanda está promovida polo profesor Jorge Falagán, ao que a AGPTU lle ofreceu o seu apoio. En particular, fixemos as xestións oportunas para que a Xerencia abrirea a aplicación informática que permitiu descargar as nóminas, evitando ter que recorrer a pedilas por Rexistro. Tamén levamos a unha xunta de PDI (xa presidida por UXT) a petición dun apoio explícito á demanda. Temos que dicir que tivemos que retirar a petición, pois os demais sindicatos presentes (UXT, CCO e CIG) anunciaron que non a apoiarían, escudándose en que as súas asesorías xurídicas consideraban a demanda unha batalla perdida.

Polo de agora isto é todo. Non esquezaades que tedes a vosa disposición o noso enderezo electrónico agptu@uvigo.es para poñervos en contacto con nós sobre calquera asunto que vos interese. Tamén desexarvos unas felices e merecidas vacacións.

AGPTU